
 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
--	--	--

FICHA RESUMO

Ano	2011	PE403A 2010/45-1
Entidade	CONFRARÍA DE O BARQUEIRO-BARES	
Plan explotación⁽¹⁾	MOLUCOS BIVALVOS E GASTERÓPODOS	
Réxime⁽²⁾	AUTORIZACIÓNS	
Modalidade⁽³⁾	A PÉ	

Especies	Ameixa fina (<i>Ruditapes decussatus</i>), ameixa babosa (<i>Venerupis pullastra</i>), berberecho (<i>Cerastoderma edule</i>), ameixa xaponesa (<i>Ruditapes philippinarum</i>), ostra plana (<i>Ostrea edulis</i>), ostra xaponesa (<i>Crassostrea gigas</i>), longueirón vello (<i>Solen marginatus</i>) e bígaro (<i>Littorina litorea</i>).
Ambito do plan	Zonas de autorización situadas na marxe esquerda da ría do Barqueiro: Salgueira-Pena Ourada; Area da Ponte-Pta. Cereixeira-Pta. Preguntoiro; Lama e Area de San Fiz.
Subzonas de explotación	Punta da Barra a Peirao de O Barqueiro; Peirao de O Barqueiro a Ponte do Ferrocarril; Ponte do Ferrocarril a Punta Cereixeira; Punta Cereixeira a Punta Preguntoiro; Punta Preguntoiro a Punta dos Prados.

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
16	-	-
Ampliación do número de permex ⁽⁴⁾		NON
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
-	-	-

Calendario de explotación											
Días máximos de extracción	65, excepto para a ostra xaponesa (<i>Crassostrea gigas</i>) que será de 180 días										
Época e zona probable de extracción⁽⁵⁾:											
Modalidade⁽³⁾: a pé											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Época e zona probable de extracción⁽⁵⁾											
Modalidade⁽³⁾:											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec

Topes de captura ⁽⁶⁾			
Especies	A pé (kg/mariscadora/día)	Embarcación	Tripulante/habilitación
Ameixa fina	4 kg	-	-
Ameixa fina semicultivo	10 kg		
Ameixa babosa	4 kg	-	-
Ameixa babosa semicultivo	15 kg		
Berberecho	5 kg	-	-
Ameixa xaponesa	6 kg	-	-
Ameixa xaponesa semicultivo	60 kg		

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos MariñosRúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25XACOBEO 2010
Galicia

Topes de captura ⁽⁶⁾			
Especies	A pé (kg/mariscadora/día)	Embarcación	Tripulante/habilitación
Ostra plana	100 ud	-	-
Ostra xaponesa	3.000 ud	-	-
Longueirón vello	5 kg	-	-
Bígaro	6 kg	-	-

Artes a empregar	Sacho, angazo ou rastrillo e fouciño. Extracción manual con saia para o longueirón.
-------------------------	---

Puntos de control	Praia de Lama, cabeceira do peirao de S. Fiz, Ponte vello, Fabriquín e os dous peiraos de O Barqueiro.
Puntos de venda	Lonxa do Barqueiro

Accións a realizar ⁽⁷⁾	Epoas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas				X	X	X	X	X	X	X		
Zonas: Rego da Forca, A Lama, O Lamón, Os Barcos, O Cereixal a San Fiz												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembrar			X	X	X							
Zonas: dende zonas de fixación natural e lento desenvolvemento												
Especies: Ameixa fina, ostra plana e berberecho												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras			X	X	X	X	X	X	X	X		
Zonas: A Lama, A Caibanca, O Lamón de San Fiz, Rego da Forca, Salgueira a Fabriquin												
Especies: Ameixa xaponesa e ameixa babosa												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados			X	X	X	X	X					
Zonas: dende zonas de fixación natural cara aos viveiros.												
Especies: ameixa fina e berberecho												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos						X	X	X	X	X		
Zonas: Viveiros de semicultivo de A Lama, A Caibanca, O Lamón de San Fiz												
Especies: Ameixa xaponesa e ameixa babosa												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: Viveiros de semicultivo de A Lama, A Caibanca, O Lamón de San Fiz												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Outros			X	X	X							
Acondicionamentos de substrato previos á fixación larvaria.												
Zonas: Pta dos Prados a Ponte Vello, Rego da Forca, O Lamón de San Fiz, Os Barcos, O Cereixal a San Fiz												

Outras consideracións⁽⁹⁾
Ámbito do plan: De cara a unha mellor xestión das autorizacións desta confraría, divídense en 5 zonas de produción:



- Punta da Barra a peirao de O Barqueiro: O Fabriquín, A Fábrica e A Salgueira
- Peirao de O Barqueiro a Ponte do Ferrocarril: A Arnela e Rego da Forza
- Ponte do Ferrocarril a Punta Cereixeira: Area da Ponte
- Punta Cereixeira a Punta Preguntoiro: San Fiz, O Lamón de San Fiz e A Caibanca
- Punta Preguntoiro a Punta dos Prados: A Lama.

Días máximos de extracción: Non se aproba o número de días máximos de extracción proposto dado que non se axusta a extracción real nestes bancos (correspondería a unha media de 21 días de extracción por mes). Por isto, manterase, como o plan en vigor, un máximo de 65 días de extracción para tódalas especies, a excepción da ostra xaponesa para a que se fixa un máximo de 180 días de extracción ao ano.

Épocas probables de extracción: A época de extracción de longueirón límitase aos meses de febreiro, marzo, xullo, agosto e setembro.

Artes: A gancha a pé ou rañica non é unha arte autorizada no Decreto 424/1993, polo que o seu uso requirirá de aprobación dun plan experimental.

Puntos de control: Defínese a organización dos puntos de control, nos que se rexistra o número de mariscadores e se controlan os cupos e tallas. Os responsables do punto de control serán os propios mariscadores de xeito rotativo. No caso de que se traballen varios bancos nun mesmo día, haberá un responsable por cada zona de traballo. Cómpre lembrar o establecido na disposición adicional quinta da Orde do 8 de febreiro de 2008: *“no caso de produtos pesqueiros frescos que teñan que pasar un punto de control, de acordo co plan de explotación correspondente, a mercadoría non poderá ser retirada deste punto polo mesmo propietario que a entrega”*.

Remisión dos datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior

Traballos de semicultivo e vixilancia: A organización das accións de rexeneración, acondicionamentos, traslados, limpeza, vixilancia... está ben definida, aínda que non se aclara se a participación nestas tarefas é obrigatoria. Estes traballos e vixilancias non computarán como días de actividade a efectos de renovación do permex, a excepción dos días adicados á instalación de ostra xaponesa en pochones previa á venda.

Recomendacións para a mellora do plan:

- Recoméndase concretar a obrigatoriedade da realización dos traballos de semicultivo e vixilancia.
- Recoméndase un maior esforzo na realización do plan financeiro no que se recollan os gastos e ingresos que se xeneran no desenvolvemento deste plan.